

DE PUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión CONSTITUTIVA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 26 de NOVIEMBRE DE 2003**

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA CELEBRADA O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2003.

No salón de sesións do pazo provincial, sendo as doce horas e vinte minutos do día vinteseis de novembro de dous mil tres, co fin de dar cumprimento ao disposto na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño de réxime electoral xeral, Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial e o Real decreto 2568/86, Regulamento de organización e funcionamento de entidades locais, polos que se dictan normas para a constitución das deputacións, reuníronse todos os señores deputados electos, presentando acreditación mediante as respectivas credenciais, que son entregadas ao Sr. secretario da Corporación e examinadas segundo as certificacións remitidas polas Xuntas Electorais de Zona, resultando a relación que por orde alfabética é a seguinte:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON XAIME BELLO COSTA	BNG
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO	PSOE
DOÑA MARÍA SOCORRO CEA VÁZQUEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DOÑA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ	BNG
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON MANUEL NOCEDA LAMELA	PSOE
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP

DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DON JOSÉ ANTONIO SANTISO MIRAMONTES	PP
DOÑA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, o secretario xeral da Corporación, don José Luis Almu Supervía.

Á vista das credenciais e da documentación presentada polos deputados electos, determínanse os compoñentes da Mesa de Idade, que formarán os deputados de maior e menor idade e que resultan ser don Dositeo Rodríguez Rodríguez e dona Raquel Jabares Fernández respectivamente, os cales ocupan a Mesa Presidencial constituíndo xuntamente co secretario a mesa, que ha presidir o acto.

O Sr. secretario procede a ler as disposicións oficiais que regulan o acto, facendo constar que se efectuaron as previsións contidas no Regulamento de organización e funcionamento respecto ao arqueo, así como a documentación relativa ao Inventario do patrimonio da Corporación, e os seus organismos autónomos. Dá conta así mesmo de que se executou o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, Lei 7/87, do 2 de abril, artigo 75.7, referido ao Rexistro de intereses e incompatibilidades; cumprindo as correspondentes declaracións os deputados electos.

Efectúanse as comprobacións oportunas da personalidade dos concorrentes, e proceden a tomar posesión do cargo en primeiro lugar os compoñentes da Mesa de Idade e a seguir efectúase o chamamento dos señores deputados por orde alfabética, todos os cales toman posesión do seu cargo xurando ou prometendo o seu desempeño lendo persoalmente a fórmula, agás a deputada Raquel Jabares Fernández, que contesta coa palabra “si” á lectura realizada pola Presidencia, impóndolles simultaneamente a Medalla da Provincia como atributo do seu cargo de deputados provinciais.

O señor presidente da Mesa de Idade, don Dositeo Rodríguez Rodríguez, declara solemnemente constituída a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña.

O señor presidente da Mesa anuncia que se vai proceder á elección de presidente da Corporación, advertindo que a votación será secreta e farase mediante papeleta que se introducirá na urna disposta para estes efectos, solicitándolle aos partidos políticos presentes

a designación de candidatos para o cargo, empezando polo BNG, seguindo polo Partido Socialista e por último o Partido Popular.

O señor Bello Costa anuncia en nome do Bloque Nacionalista Galego que renuncian a presentar candidato á Presidencia porque van apoiar a candidatura de don Salvador Fernández Moreda. A continuación indica que lle gustaría aproveitar esta sesión constitutiva para demandar as modificacións e reformas pertinentes da vixente lei electoral para que non se produzan no futuro nunca máis situacións coma as vividas nos últimos meses, xa que cren que ningunha institución, local ou provincial, ten que agardar a constituírse seis meses, cumprindo así os desexos e mandatos dos cidadáns e cidadás. Asemade, queren desexarlle ao goberno e á oposición, a todos os compañeiros e compañeiras da corporación provincial, que acerten en levar co bo rumbo a misión e o mandato para o que foron elixidos e elixidas.

O señor Candela Castrillo propón polo Partido Socialista Obrero Español a don Jesús Salvador Fernández Moreda.

O señor López Crespo propón polo Partido Popular a don José Luis Torres Colomer.

Chámase aos deputados por orde alfabética, que depositan o seu voto na urna e efectúase o escrutinio posteriormente, o Sr. presidente da mesa declara o seguinte resultado en primeira votación:

Dun total de trinta e un votos válidos quince votos a favor de don José Luis Torres Colomer, e dezaseis votos a favor de don Salvador Fernández Moreda.

Obtendo a maioría absoluta en primeira votación don Salvador Fernández Moreda, proclámase elixido para a Presidencia da deputación.

O presidente da mesa pregúntalle ao señor presidente electo se acepta o cargo, respondéndolle este que si o acepta, procedéndose á toma de posesión, na cal presta xuramento don Salvador Fernández Moreda como presidente da Deputación Provincial da Coruña, ó cal se lle entrega o bastón de mando, e as insignias propias do cargo, pasando seguidamente a ocupar a Presidencia do acto, retirándose ós seus estrados os compoñentes da Mesa de Idade.

A continuación, o Sr. presidente realiza a seguinte intervención:

Sr. presidente

Señoras e señores deputados, cidadáns da provincia da Coruña, asumo o cometido de formar e dirixir o Goberno provincial como un inmenso honor e como unha transcendente responsabilidade que contraemos o PSdeG-PSOE e o Bloque Nacionalista Galego, con todos e cada un dos electores que depositaron a súa confianza e a súa ilusión nun proxecto político orientado á modernización e o progreso dos concellos galegos. Un proxecto político que ten como finalidade exclusiva acadar os maiores niveis de benestar económico e social para todos os residentes da provincia.

Moitas gracias señoras e señores deputados. Asegúrolles que dedicarei todos os esforzos precisos para non defraudar a confianza que depositaron en min para presidir a Deputación provincial e lograr que esta institución se convirta no auténtico protagonista da vertebración da provincia e de axuda ós seus concellos.

Neste intre especialmente emotivo quero formular, modestamente, pero coa enerxía que outorga a lexitimidade democrática dos votos, un firme compromiso persoal e colectivo dos deputados que me honro en representar.

Se a razón de ser da deputación son os municipios, as políticas que se han desenvolver han de estar loxicamente ligadas a eles. Queremos, pois, gobernar non só para os concellos senón tamén contando con eles, posto que é alí onde viven os cidadáns e é neles onde manifestan as súas demandas, as súas preocupacións e as súas necesidades. Deben ser os concellos os que lles ofrezan servicios públicos que proporcionen un maior benestar e unha mellor calidade de vida aos seus veciños. Son, pois, os concellos a Administración máis próxima ao cidadán, os que han de dar resposta en primeira instancia ás súas necesidades e os que han de defender e reivindicar os seus intereses perante outras institucións.

É por isto que o esforzo da deputación debe estar destinado a apoiar e colaborar cos concellos. Debemos facer dela un potente instrumento ao servicio deles, de tal forma que se poida garantir o benestar e a igualdade de oportunidades das persoas independentemente do lugar da provincia onde residan.

Nestes anos de democracia moitas cousas cambiaron e este cambio fíxose máis visíbel nas nosas cidades e vilas onde existen equipamentos, servicios e infraestructuras que hai vintecinco anos nin sequera nos atreviamos a soñar.

Pero o cambio máis importante, e máis transcendental, produciuse nas persoas que pasaron de ser simples administrados a cidadáns, cidadáns que teñen dereitos e deberes, pero sobre todo que teñen a capacidade para decidir o futuro do seu país.

Nesta nova sociedade a que reclama, coa esixencia que dá a cidadanía, políticas novas para responder aos vellos e novos problemas dun mundo complexo no que persisten desequilibrios que habemos de correxir.

Considero un dereito dos cidadáns a esixencia aos políticos dun traballo coordinado e leal con todas as Administracións públicas, que teñen como finalidade o servizo ao cidadán e que se financian cos seus impostos. Por isto quero manifestar sen reserva ningunha, que a deputación que presido promoverá o diálogo e a colaboración tanto coa Administración central como coa autónoma, sen esquecer a Unión Europea que estableceu numerosas canles financeiros polos que discorre a política rexional europea encamiñada á cohesión económica e social dos distintos territorios.

Como todos vostedes saben, Galicia é unha rexión caracterizada como obxectivo prioritario dos fondos europeos e debemos facer todos os esforzos posibles para que eses recursos financeiros dispoñibles en Europa, se poñan ao servizo das necesidades públicas para as que están previstas nos concellos e na provincia da Coruña.

Neste senso, anticipo a formulación dun Plan de tratamento de augas residuais de entidades de poboación de menos de 250 habitantes, que estean enclavadas en zonas especialmente sensíbeis desde o punto de vista do medio natural, co obxecto de incorporalo aos Programas de protección do medio natural da Unión Europea.

A busca de novas vías financeiras na Unión Europea levaranos a deseñar novas estratexias e a reforzar o Punto de Información Europeo da Coruña, que no seu día obtivemos baixo un goberno socialista nesta deputación, o obxecto de:

- Fornecer información relevante e comprensíbel aos concellos e aos cidadáns en xeral, sobre os programas europeos e as súas liñas de financiamento.
- Elaborar os proxectos técnicos que sexan demandados polos concellos e servizos provinciais que sexan susceptíbeis de seren financiados pola Unión Europea.
- Realizar o seguimento perante as institucións autonómicas, central e europea dos proxectos financiados con fondos da Unión Europea.

Pretendemos incluír ao longo da nosa xestión, unha liña de financiamento provincial con cargo á cal participar nas achegas municipais aos proxectos que obteñan o financiamento europeo, como forma de fomentar e articular a iniciativa municipal e a agrupación de municipios na redacción e tramitación de proxectos perante a Unión Europea.

Temos tamén que xestionar perante o Estado e a comunidade autónoma a incorporación de proxectos provinciais aos fondos europeos. Teño a íntima convicción de

que múltiples actividades actuais que gravan o orzamento da Deputación para o ano 2004 e 2005 poderían obter financiamento europeo se así o tramitasen.

Neste aspecto, temos que ter un obxectivo claro: garantir que o financiamento dispoñíbel na Unión Europea para posibilitar o desenvolvemento económico e social de zonas que teñen un nivel de renda inferior á media europea e española, destínese á súa finalidade na nosa provincia. Mentres haxa recursos en Europa que non destinemos a financiar necesidades na provincia, asumiremos unha responsabilidade cos cidadáns e o futuro.

A planificación estratéxica do territorio é outro dos eixes nos cales debemos desenvolver a nosa actuación. A elaboración de plans estratéxicos comarcais é unha acción xa efectuada nesta deputación no pasado, baixo un goberno socialista, e que por desgracia non tivo continuidade nos posteriores.

O Plan estratéxico da Costa da Morte foi unha acción da deputación que con vinteseite millóns de investimento, e moito traballo, permitiu conseguir preto de 4.000 millóns de pesetas de fondos europeos a través da asociación Neria, creada baixo o pulo e o abeiro dun goberno socialista na deputación.

Non podemos deixar de tomar en consideración a necesaria solidariedade con aqueles cidadáns da provincia, os seus fillos ou os seus netos, que residen en países que son vítima dunha profunda e inxusta crise económica.

É unha obriga solidaria, ética e moral, colaborar con alimentos, medicinas, sanidade e accións de fomento do desenvolvemento económico, con entusiasmo e afecto, para paliar situacións de extrema necesidade dos nosos concidadáns de “A Coruña exterior”. Para tal fin emprenderanse actividades e artellaranse liñas de subvencións a entidades públicas ou privadas con contía total que ao finalizar o mandato alcance polo menos o 0,7 por 100 dos recursos correntes da deputación.

Co obxectivo de aumentar a eficacia na prestación dos servizos aos concellos e de aproximar a acción da deputación a estes e aos cidadáns en xeral, asumimos o compromiso de realizar perante a Xunta e perante a Administración do Estado un labor de diálogo e negociación permanente.

Procurar a transferencia de servizos de titularidade autonómica que poidan xestionarse no ámbito provincial e situar no ámbito autonómico servizos provinciais que correspondan competencialmente á comunidade autónoma, é unha das tarefas que temos por diante.

Elaborar plans provinciais conxuntos nos que incardinar a colaboración mutua en materia de cultura, deportes, servicios sociais, sanidade, desenvolvemento económico e social; a xestión de servicios supramunicipais estratéxicos: loita contra incendios, xuventude, terceira idade, educación..., necesitan o entendemento e a colaboración entre as Administracións e agardo da Xunta de Galicia a necesaria receptividade e colaboración para facelo posíbel.

Debemos mellorar a cooperación económica local mediante a formulación dun Plan único de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal, co fin de aproveitar as sinerxías que de tal plan se derivan. Este plan financiaríase con fondos do Ministerio de Administración Pública, a Xunta de Galicia, deputación e os concellos, sería xestionado pola deputación e distribuídos os seus recursos en función dos criterios adoptados polas Administracións financiadoras.

Desta forma, facilitaríamos en gran medida o labor dos concellos facendo máis eficiente a xestión dos plans, reducindo incertezas nas entidades locais, reforzando o que é a competencia nuclear das deputacións, que é xustamente a cooperación.

Temos que colaborar na xestión catastral e mellorar o contido da Enquisa de infraestrutura e equipamento local como instrumento de planificación dos investimentos provinciais.

Ampliaranse as xestións e trámites dos servicios provinciais que se han realizar a través de internet, para evitar o desprazamento do usuario, para achegar estes servicios ao cidadán e para reducir os custos de xestión para uns e outros. Tamén levaremos a cabo todos os investimentos necesarios para que toda a información provincial relevante para os cidadáns estea dispoñíbel en internet e para garantir, en definitiva, a plena presenza da provincia da Coruña na chamada sociedade da información. Como primeira medida, para aumentar a transparencia na actuación dos órganos de goberno, tódalas actas dos acordos adoptados por órganos colexiados situaranse nunha sección da páxina da deputación en internet durante un ano, coa única excepción daqueles acordos que poidan afectar a dereitos constitucionalmente protexidos.

Levaranse a cabo convenios con todos os concellos da provincia para que os cidadáns poidan presentar nos rexistros públicos municipais calquera documentación dirixida á Deputación provincial, para evitar desprazamentos innecesarios e custosos en termos de diñeiro e tempo para os cidadáns.

Formularanse Cartas dos servicios provinciais nas que se concretarán os servicios a disposición dos cidadáns, as condicións da súa prestación e os compromisos de xestión asumidos. En todo caso, todos os cidadáns que realicen xestións nos servicios provinciais

recibirán un cuestionario de avaliación do persoal e do servizo que os atendera, que será tomado en consideración para todos os efectos.

Debemos de resolver, pola vía da negociación e o consenso, os contenciosos actuais coa Xunta de Galicia que bloquean recursos que deben destinarse o máis pronto posíbel a satisfacer necesidades da provincia. Non podemos ter 6000 millóns de pesetas de forma ociosa nos bancos, agardando a que un xulgado dentro de 8 anos nos digan se son da Xunta ou da deputación. Proporemos ao Goberno de Galicia unha solución pactada para utilizar inmediatamente estes recursos.

Para a adecuada xestión e coordinación dos servizos provinciais, crearase un Consello de Dirección, presidido polo presidente e integrado polo vicepresidente, os deputados responsábeis de cada área e os xefes dos servizos provinciais, que se reunirá periodicamente para a formulación e seguimento das actuacións da deputación e dos obxectivos establecidos.

A través das accións de goberno expostas, pretendemos expresar como vimos reiterando, un compromiso firme cos cidadáns da provincia. Desexo, tamén, trasladarlles algunhas consideracións que penso que son relevantes:

-O acordo de goberno entre o PSdeG-PSOE e o BNG faise baixo a premisa do traballo conxunto e solidario ao servizo de modernización e progreso da provincia, ao que subordina calquera outro interese particular ou de grupo. Ata tal punto este convencemento é sólido e compartido por todos os deputados que integramos a maioría de goberno, que a vindeira semana convocarei a celebración do Pleno de Organización para poder iniciar inmediatamente a actividade de xestión.

-O acordo no que se substenta o Goberno provincial que hoxe inicia o seu mandato, quere pór de manifesto que é posíbel outra forma de gobernar que a participación cidadá non é unha utopía, que a xestión pública transparente pode ser unha realidade, que as modernas técnicas de planificación estratéxica poden aplicarse na provincia da Coruña, que non hai que aceptar con resignación os obstáculos e dificultades, senón que poden verse como retos ou desafíos colectivos, que o cidadán pode ser o centro de atención da política, que, en definitiva, é posíbel e é hora xa de espertar “dunha longa noite de pedra”.

Para esta viaxe son precisas todas as contribucións. As do grupo popular, que hoxe inicia o seu labor de oposición, a do persoal ao servizo da deputación (coñecido pola súa profesionalidade e altísima cualificación), a de empresarios e profesionais da provincia (activos e pioneiros en todos os mercados e as actividades), a de intelectuais e artistas (que coas súas reflexións e a súa obra enriquecen o acervo cultural de Galicia), a de todos os

coruñeses individualmente considerados que, en definitiva, protagonizan este presente que se pon en tensión coa ilusión renovada cara a un futuro prometedor.

Neste proxecto de futuro queremos facer un chamamento a aqueles que exercen a función de informar e son creadores de opinión. Aos medios de comunicación pedímoslles que nos apoiem en difundir os novos proxectos, que nos incentiven na acción de goberno cunha análise rigorosa e reflexiva do noso traballo. A súa colaboración sempre foi esencial para os avances democráticos da sociedade actual.

Por último, nesta conxuntura histórica na que nos encontramos, queremos manifestar, unha vez máis, a nosa lealdade sincera á Constitución, ao Estatuto de autonomía de Galicia e ao Ordenamento xurídico vixente que expresa fielmente a vontade do pobo ao que representamos e do que procede a nosa lexitimidade para o exercicio das responsabilidades que hoxe asumimos.

Termino xa, non sen antes agradecer a todos os meus compañeiros do BNG e PsdeG-PSOE, que hoxe iniciamos este camiño compartido, a súa confianza e colaboración, e aos deputados do Partido Popular solicítolles a súa leal colaboración nesta tarefa que a todos nos ocupa para traballar en prol do progreso da provincia da Coruña. Este é o noso obxectivo e tamén o noso gran reto.

Gracias a todos vostedes pola súa atención.

Quero anunciar que neste acto nomeo vicepresidente da deputación ao deputado don Xaime Bello.

Finalizada esta intervención, dáse por terminado o acto, rematando a sesión ás trece horas e trinta minutos, redactándose a presente acta, e autorizando a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.